



**VIRGINIA FRAGA DÍAZ, SECRETARIA XERAL DO CONCELLO DE TEO (A CORUÑA)**

**CERTIFICA:**

Que a Alcaldía, con data de 16 de abril de 2019, ditou a seguinte **RESOLUCIÓN:**

---

**RESOLUCIÓN DA ALCALDIA**

**ASUNTO:** Adxudicación de nicho a M<sup>a</sup> Esther Barroso Millán

**EXPEDIENTE:** 2019/G003/000263

Considerando que, mediante Decreto da alcaldía de 13 de setembro de 2012 (res 645/12), acordouse facer público que, finalizado o procedemento de concesión dos nichos e panteóns do cemiterio municipal, incoado mediante Decreto da alcaldía de 05/03/2012, quedaron libres os nichos que se detallan no citado Decreto, cuxa adxudicación efectuarase coas formalidades previstas no prego de condicións aprobado mediante Resolución da alcaldía de 15 de marzo de 2012 (res 163/12) e no Regulamento do cemiterio municipal, coas particularidades que se detallan no capítulo VII do citado prego, a favor daquelas persoas que así o soliciten, atendéndose ao criterio relativo á orde de entrada no Rexistro xeral do concello de Teo.

Considerando que D.<sup>a</sup> María Esther Barroso Millán presentou con data de 16 de abril de 2019 (rex. entrada nº 2381), a correspondente solicitude dun nicho no cemiterio municipal.

Considerando que, de acordo coa documentación aportada, a necesidade de dispor de forma inmediata dun nicho no cemiterio municipal responde a que no día de onte, 15 de abril de 2019, produciuse o falecemento da súa nai, D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Teresa Millán Lorenzo, estando previsto o enterramento no día de hoxe.



Considerando que a interesada aportou, xunto coa solicitude, a restante documentación esixida ao efecto, agás os certificados de atoparse ao corrente coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, non podendo esperar a interesada, polas razóns expostas, á súa obtención para que lle sexa adxudicado o nicho solicitado.

Considerando que, de acordo co exposto e á vista da necesidade inaprazable da interesada, no día de hoxe formulouse proposta de adxudicación a favor de D.<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Esther Barroso Millán, que lle foi debidamente comunicada (rex. saída nº 793), procedéndose así mesmo a súa publicación na páxina web e no taboleiro de anuncios do concello.

Considerando que de forma inmediata procedeuse pola interesada a efectuar o aboamento das tarifas (1.250 €), tal e como acreditou mediante o xustificante de dito aboamento, procedéndose así mesmo ao ingreso da cantidade correspondente á garantía definitiva (35,80 €, 3% de valor do dominio público obxecto de ocupación) e á apertura de sepultura (60 €) (rex. entrada nº 2403).

Vista a proposta de asignación concreta de nichos e panteóns de 16 de abril de 2019.

En virtude do exposto e no uso das facultades que me confire o artigo 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa aplicable,

#### **RESOLVO:**

**Primeiro.**- Adxudicar a concesión do uso privativo do nicho 21 A do bloque 2 a D.<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Esther Barroso Millán, polo prazo de 75 anos, con arranxo ao prego de condicións aprobado mediante Decreto da alcaldía de de 15 de marzo de 2012, ao Regulamento do cemiterio municipal e demais normativa aplicable.

**Segundo.**- Notificar o presente á interesada, con sinalamento dos recursos procedentes.

**Terceiro.**- Dar conta ao Pleno na vindeira sesión ordinaria que celebre.



**CONCELLO DE TEO** (A CORUÑA)

E para que así conste, expido e asino a presente de orde e co visto e praxe do sr. alcalde, en Teo, na data que figura na marxe.

Vº e Praxe  
O alcalde

A secretaria xeral

Rafael Carlos Sisto Edreira

Virginia Fraga Diaz